CONCELLO DE BERGONDO
Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Ana María Cacharrón Castelos, secretaria do Concello de Bergondo (A Coruña)

CERTIFICO: Que, pola alcaldía presidencia, por Resolución nº 1216/2026, do 10-11-2026 , adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

*"**Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)***
***ASUNTO:** SERVIZOS MINIMOS FOLGA XERAL 11 NOVEMBRO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR*

***EXPEDIENTE:** 2026/G003/001279*

ANTECEDENTES:

O artigo 28.2 da Constitución española recoñece, como dereito fundamental da persoa, o dereito á folga.
O artigo 10 do Real Decreto-Lei 17/1997, de 4 de marzo, sobre as relacións de traballo dispón que, cando a folga se declare en empresas encargadas da prestación de calquera xénero de servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade e concorran circunstancias de especial gravidade, a Autoridade gobernativa poderá acordar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos. O Goberno, asemade, poderá adoptar a tales fins as medidas de intervención adecuadas.
De conformidade con unha reiterada xurisprudencia constitucional (por todas, STC 2/2022, de 24 de xaneiro), a posibilidade establecida no artigo 28.2 CE de que se regulen as garantías precisas para asegurar en caso de folga o mantemento dos Servizos esenciais da comunidade determina que o dereito de folga pode ser limitado cando o seu exercicio sexa susceptible de impedir ou obstaculizar o funcionamento de servizos que atenden a garantía ou o exercicio dos dereitos fundamentais, as liberdades públicas e os bens constitucionalmente protexidos. A consideración dun servizo como esencial non significa, sen embargo, a supresión do dereito de folga das traballadoras ocupadas en tal servizo, senón a previsión das garantías precisas para o seu mantemento, o que implica a prestación dos traballos necesarios para a cobertura mínima dos dereitos, liberdades ou bens que o propio servizo satisfai, pero sen acadar o nivel de rendemento habitual.
A determinación das garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade non pode poñerse en mans de ningunha das partes implicadas no conflito colectivo que supón a folga, senón que debe ser sometida a un terceiro imparcial. A súa atribución á autoridade gobernativa e a maneira máis lóxica de cumprir o mandato constitucional, si ben queda limitada por consideracións materiais -as garantías establecidas non poden baleirar de contido o dereito de folga ou rebasar a idea do seu contido esencial- e formal -o control xurisdicional das ditas decisións sobre o mantemento dos servizos esenciais-, de todo o cal se infire que o seu establecemento deber obedecer a un criterio restritivo.
A decisión da autoridade gobernativa na determinación das garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade, na medida en que implica unha limitación no libre exercicio dun dereito fundamental, debe ser obxecto de motivación tras unha ponderación e valoración dos bens ou dereitos afectados, do ámbito persoal, funcional ou territorial da folga, da duración e demais características de esta medida de presión e, das restantes circunstancias que concorran no seu exercicio e que poidan ser de relevancia para alcanzar o equilibrio máis ponderado entre o dereito de folga e os restantes bens afectados (comunidade afectada, existencia ou non de servizos alternativos, etc.)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

CVD: Nng3LJbNjtRE1s02oBlF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.bergondo.gal/

A finalidade desta esixencia de motivación é a de que os destinatarios coñezan as razóns polas que un servizo esencial como e a axuda no fogar, obriga a este concello, de acordo coa normativa e xurisprudencia exposta, a fixar servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que se concretan neste decreto.

O Servizo de Axuda no Fogar, tanto na modalidade de dependencia como na de libre concorrencia, constitúe un servizo público esencial de titularidade municipal, destinado a prestar atención persoal, doméstica e de apoio a persoas e familias con limitacións na súa autonomía persoal.

A poboación beneficiaria do SAD no Concello de Bergondo inclúe persoas en situación de grave dependencia, escasas redes de apoio familiar e vulnerabilidade social que precisan de asistencia vital diaria. A suspensión total das atencións de carácter persoal, tais como o aseo persoal, mobilizacións, alimentación, hixiene corporal e control da medicación, poría en risco inminente a integridade física e a saúde destas persoas.

Indicar nese sentido que este concello conta coa empresa concesionaria SENESCIT, S.L. para a prestación do SAF.

Segundo o informe da Responsable técnica do Servizo municipal de Axuda no Fogar, os criterios propostos para identificar os servizos mínimos indispensábeis baséanse en:

a) A gravidade da situación de dependencia das persoas usuarias.

b) O tipo de atención recoñecida no seu proxecto individual de intervención, limitando os servizos mínimos exclusivamente ás atencións de carácter persoal estrictamente necesarias e inaprazables.

En consecuencia, ***DISPOÑO:***
PRIMEIRO. *Declarar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) como servizo esencial da comunidade no Concello de Bergondo a efectos da convocatoria de folga do día 11 de novembro de 2026.*
SEGUNDO. *A determinación dos seguintes servizos mínimos:*

1. Cobertura das atencións de carácter persoal de aseo, mobilización, alimentación e medicación de todas aquelas persoas usuarias, tanto do réxime de dependencia como de libre concorrencia, que as teñan recoñecidas no seu proxecto individual de intervención, polo que se fai a seguinte proposta de atención, así como a non atención, segundo se recolle nas táboas que se achegan como Anexos a este documento::

2. O horario de prestación dos servizos mínimos abranguerá a franxa de atención continuada entre as 8:00 horas e as 22:00 horas do día 11 de novembro de 2026.

3. Requirir á empresa adxudicataria SENESCIT,S.L., para que, oída preceptivamente a representación legal do seu persoal traballador, proceda á designación nominal e á asignación de funcións, con carácter rotatorio, do persoal estritamente necesario para cubrir os devanditos servizos mínimos, asignando preferentemente a devandita prestación a persoal que non exercite o dereito á folga.

TERCEIRO. *Darlle traslado do presente acordo á empresa adxudicataria do servizo para os efectos oportunos.*
CUARTO. *Darlle traslado do presente acordo aos Servizos Económicos do concello.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

CVD: Nng3LJbNjtRE1s02oBlF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.bergondo.gal/

ANEXO I – Servizos mínimos Dependencia

(...)

ANEXO II – Servizos mínimos libre concorrencia

(...)

En Bergondo, martes 10 de novembro de 2026

A alcaldesa	***Dou fe; a secretaria***
Alejandra Pérez Máquez	*Ana María Cacharrón Castelos"*

E para que conste, para os efectos que corresponden, asino a presente certificación, por orde e co visto e prace da alcaldesa, en Bergondo, o martes 10 de novembro de 2026

Vº.e Pr.

A alcaldesa	**A secretaria xeral**
Alejandra Pérez Máquez	Ana María Cacharrón Castelos

CVD: Nng3LJbNjtRE1s02oBlF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.bergondo.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).